



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 13/2023

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA DEZ DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

En Ordes, a dez de novembro de dous mil vinte e tres.

Na sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Extraordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D. JOSÉ LUÍS MARTÍNEZ SANJURJO.
- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
- D. JOSE ANTONI CABEZA FRAGA
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- D^a. ALBA VILARIÑO NOGAREDA
- D. PABLO VIDAL RÍOS
- D^a. MARIA VIEITES CALVO
- D. AVELINO CANDAL FARIÑA
- D^a. MARIA MARTÍNEZ VIEITES
- D. MANUEL ANTONIO VILLAVERTRE REY
- D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA
- D^a. NOELIA RIVADAS LÓPEZ

Non asiste:

- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que da fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás catorce horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procedéndose a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL.

Expediente de aprobación provisional do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Ordes (**Expdte. 2022/U031/000001**).

Vistas as deficiencias sinaladas no apartado II da Orde, de 24/10/2023, da Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda no documento aprobado provisionalmente polo Pleno do



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Concello, de data 11/08/2023 (art. 85.7 da Lei 9/2002, de 30 de decembro en relación coa disposición transitoria segunda da Lei 2/2016, de 10 de febreiro).

Visto o informe da Intervención municipal.

Vistos os informes dos servizos xurídicos e técnicos municipais respecto á integridade documental do expediente, as actuacións administrativas realizadas e a conformidade do plan coa lexislación vixente (art. 60.6 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro - LSG).

Visto o ditame, de data 07/11/2023, da Comisión Informativa Permanente de Obras e Urbanismo.

Visto o disposto no art. 85.7 da Lei 9/2002, de 30 de decembro.

Visto o disposto na Disposición transitoria segunda. Punto 2º. Lei 2/2016, de 10 de febreiro (LSG).

Visto o disposto no art. 60.13 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro (LSG).

Intervén a Sra. Soneira Liñares, en nome do goberno municipal, que sinala que no Pleno do 23 de febreiro de 2023 aprobábase provisionalmente o PXOM de Ordes por primeira vez como paso necesario para á súa aprobación definitiva e posterior entrada en vigor logo da preceptiva publicación nos boletíns oficiais e no rexistro oficial de planeamento, previos todos e cada un dos trámites administrativos correspondentes. A vontade da corporación municipal quedou plasmada maioritariamente nese documento, que recollía o traballo do equipo redactor tras ter conseguido o informe favorable de ata dezanove informes sectoriais vinculantes de diferentes organismos. O cal foi sometido á aprobación do Pleno, pleno no que se obtiveron ata un total de doce votos favorables. A competencia para a aprobación definitiva, como todos saben, non lle corresponde ao pleno, se non á Consellería de Medio Ambiente, a través da Dirección Xeral competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, tal e como recolle a lexislación vixente. Así, logo desta primeira aprobación provisional, o documento do PXOM foi remitido á Consellería de Medio Ambiente, Ordenación do Territorio e Vivenda, con data 03/03/2023, con subsanacións posteriores de data 22/03, 23/03 e 04/04/2023, para que se pronunciase ó respecto da aprobación definitiva. De cara a resolver sobre a aprobación definitiva do PXOM, a Consellería, ademais de analizar a suficiencia e coherencia documental do expediente, analiza as cuestións de competencia supramunicipal, como por exemplo o aliñamento do documento coa lexislación vixente e coas Directrices de Ordenación do Territorio, ou sobre outras materias de competencia autonómica. Logo de realizados estes análises a Consellería emitiu a Orde do 27 de xuño de 2023, na que se acordaba non outorgar aprobación definitiva ao PXOM de Ordes, en base a unha serie de cuestións que deberían ser introducidas no documento, o cal deberá ser sometido novamente a aprobación plenaria, previa remisión de novo á Consellería para a súa aprobación definitiva. As cuestións recollidas nunha Orde da Consellería, con efectos normativos, polo tanto poderán ser modificadas ou xustificadas, pero en ningún caso cuestionadas. A pesar de todo, o alcance da Orde, aínda que moi extenso en aquela ocasión pola elevada minuciosidade coa que foi redactada, non poñía en cuestión o PXOM de Ordes, nin nas xeneralidades nin nas particularidades, sendo posible dar cumprimento a Orde con modificacións que foron introducidas polo equipo redactor no documento. Como xa se deixou constancia no pleno do 11/08/2023, e contrariamente ao que transcendeu nos medios de comunicación, a Xunta de Galicia non tumbou o PXOM de Ordes, pois este, nas súas determinacións básicas mantivo e mantén a esencia da súa formulación, con pequenas modificacións acoutadas a determinados ámbitos, sen que ningunha delas poida considerarse de especial relevancia no conxunto do termo municipal; e sempre buscando a máxima garantía xurídica e a plena adaptación á vixente Lei do Solo de Galicia, Lei 2/2016. En consecuencia, o equipo redactor dou cumprimento a Orde e xustificou todos e cada un dos cambios requiridos, e o novo documento foi sometido a consideración do pleno o pasado



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

11/08/2023. Nesa segunda ocasión o resultado foi de nove votos favorables, os nove votos do goberno local, os nove votos do Partido popular de Ordes. Dito documento foi remitido con posterioridade o 01/09/2023 a DXOTU, con unha subsanación posterior do 11/09/2023. O organismo dependente da consellería revisou a nova documentación, e remitiu unha nova Orde datada o 24/10/2023, na que se acordaba novamente non outorgar aprobación definitiva ó PXOM de Ordes, en base a cinco observacións, das cales unha obriga forzosamente a unha nova aprobación plenaria do documento previo de aprobación provisional. Convén indicar e matizar, que ningunha das observacións feitas polos grupos do BNG e do PSOE no pleno do 11 de agosto, foi cuestionada pola dirección xeral; de igual xeito que o que tiña acontecido no pleno do 23 de febreiro. O cal deixa de manifesto que o voto non favorable destas formacións, ten base en fondo político, o do non polo non, e xamais un aval técnico sensato e rigoroso. Hoxe estamos de novo aquí en unha sesión plenaria, para cumprir o que lle décimos e co que nos comprometemos coa veciñanza, e avanzar definitivamente no que pode ser o compromiso máis importante que Ordes precisa neste mandato, para medrar con un novo PXOM nos eidos sociais, económicos e urbanísticos nos vindeiros vinte anos. O documento que se someterá a votación e conta co informe favorable da secretaría municipal, e contén todos os demais requisitos esixidos pola Orde do 24/10/2023, en canto a: Ampliar a superficie de zonas verdes por encima do 15% necesario, e conforme aos criterios defendidos polos técnicos da consellería, por existir discrepancia co método de cálculo empregado polo equipo redactor. Polo que se amplía zona verde con terreos públicos en Parada (Estación), Adina Vella e Pereira, así como o entorno do río Mercurín a carón de Villaverde. Axustando e equilibrando o aproveitamento tipo do solo urbanizable S06, sito a carón da Avda. de Cerceda; conforme ao establecido no artigo 98 da LSG. Reaxustando a delimitación do solo de núcleo rural de O Cano en Leira, conforme o acordado na Comisión informativa e co informe favorable do técnico redactor, de xeito que se crean dous subnúcleos, un ao Surlleste e outro ao Norte, que se considera cumpren con suficiencia o art. 23.3.b da LSG. E facendo o cambio normativo do art. 2.3.5.2 da normativa do PXOM en canto as edificacións desconformes co planeamento, axustando esta en consecuencia ao recollido no art. 90.2 da LSG e art. 63 do plan básico autonómico de Galicia. Finalmente corríxense, mediante compresión, cinco documentos PDF que conforman o PXOM que superaban os 30mb de tamaño, por non ser compatible coa base do rexistro de planeamento. Tamén aproveitou o equipo redactor para emendar erros cartográficos detectados en algunha das tramas dos diferentes planos, e datos que non estaban claros en varias fichas de solo non consolidado e non urbanizable. Todas estas correccións de erros materiais aparecen recollidas en canto a súa xustificación na memoria preceptiva para o cumprimento da Orde da DXOTU na documentación de esta nova aprobación provisional redactada polo arquitecto redactor. Con base no anterior, e logo da aprobación unánime do documento refundido por parte da comisión informativa celebrada o pasado martes día 7, hoxe podemos asegurar con case total certeza -sen equivocarnos- que Ordes terá o Plan xeral aprobado definitivamente e publicado antes do remate do ano 2023. Como xa dixemos en agosto, e se mencionou hoxe nesta intervención, acadaremos con este documento que moi pronto entrará en vigor o avance necesario para o conxunto do Concello, lograr aprobar un PXOM adaptado a Lei 2/2016, e que sen dúbida marcará os próximos vinte anos do municipio. Todo isto será posible grazas, como sempre se dixo, a labor do equipo redactor, dos técnicos habilitados nacionais municipais, da arquitecta municipal, e de todos os que colaboraron e puxeron o maior dos empeños en lograr este obxectivo. Pero tamén, por suposto, deste equipo de goberno que chegou a alcaldía en xullo do 2015 co firme compromiso de traballar sen descanso para acadar esta meta, e aínda que ben seguro a todos nos gustaría que se puidese ter logrado moito antes, a nos os primeiros, o obxectivo está agora ante o seu paso final, e a apoiálo convocamos a corporación hoxe aquí presente. Foron moitas as reunións e negociacións en diferentes organismos, múltiples xuntanzas co equipo redactor, moito tempo escoitando aos veciños que trasladaron as súas peticións nas alegacións ou en encontros nos despachos ou na propia rúa, por suposto, tamén logo da 1ª denegación da aprobación definitiva por parte da Xunta de Galicia. O resultado de toda esa labor é o documento que hoxe se somete a terceira aprobación provisional, para o cal, como ben saben, se precisa do voto favorable da maioría absoluta do pleno municipal. Este grupo de goberno do PP ten clara a súa aposta por crear un Ordes con mais oportunidades a nivel de servizos,



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

emprego e dotacións públicas; para que sexa posible seguir avanzando o noso voto vai ser favorable a esta nova e ben seguro definitiva aprobación provisional, a cal xa ten garantido prosperar grazas ao apoio que nos outorgaron mais do 53% dos veciños o pasado 28 de maio. Aos veciños de Ordes nos debemos -aos que nos votaron e aos que optaron por outras alternativas-, e por eles seguiremos traballando arreo e sen descanso para desenvolver entre todos nos vindeiros anos o PXOM de Ordes.

Seguidamente ábrese o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que non se opón a este PXOM, xa o dixeron ben claro. Aínda que non lle pediron novas aportacións, tivéronse en conta as aportacións históricas do PSOE. Este é un documento que é necesario para o desenvolvemento urbanístico do concello.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que logo que lles foi remitida a Orde que foi emitida pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda con respecto á segunda aprobación provisional do PXOM, que non outorgaba a aprobación definitiva do documento novamente, ollaron a seguinte observación respecto ao solo de núcleo rural. O asentamento 05.03 non responde a ningunha tipoloxía de núcleo rural segundo art. 23.3.b LSG debendo ser clasificado como solo rústico na categoría que corresponda. No BNG decidiron agardar a cal era a decisión do goberno municipal con respecto á delimitación do núcleo do Cano, que é a que se refería esa Orde, comprobando que na convocatoria da Comisión Informativa correspondente a proposta do PXOM remitida recollía toda a zona do Cano como solo rústico. Dende o BNG comprendemos que no Cano poden existir zonas que son dificilmente asimilables a un solo de núcleo rural. Máis excluídas as zonas das gasoleira e o hotel o Cano dispón de zonas recoñecibles como de solo de núcleo rural. Optando por unha postura de intentar evitar a completa desaparición do núcleo. Por iso o pasado 3 de novembro, antes da Comisión Informativa, celebrada o 7 de novembro, o BNG rexistrou no concello unha proposta para evitar a completa desaparición do núcleo do Cano, ofrecendo a cambio o apoio ao PXOM se o goberno municipal recollía a proposta formulada, que non supón ningún atranco para a tramitación deste documento, se a aínda así a Consellería estimase que as zonas propostas non son asimilables ao solo de núcleo rural, o goberno municipal sen ter que convocar o pleno podería modificar o documento e seguir coa tramitación do mesmo. Na Comisión informativa recolleuse esta proposta e polo tanto hoxe imos votar favorablemente para cumprir coa súa palabra. Un si necesario para intentar salvar o núcleo de o Cano, o que supón unha nova contribución ao documento para melloralo por parte do BNG. Haberá que agardar que di a Consellería, espera que teña en consideración salvar esas zonas do núcleo e mantelas como núcleo rural para que a zona do Cano non desapareza e que futuros PXOM poidan incrementar a delimitación desa zona. Este si non muda en absoluto a postura do BNG con respecto á tramitación do PXOM. Seguen a manter que este documento chega tarde, nun proceso pouco transparente de cara a veciñanza e sen que existan uns criterios claros de aplicación por parte do goberno municipal. Por último no escrito que rexistraron o pasado venres recomendábase ao goberno municipal que a celebración deste pleno non era necesaria, faltan quince días para o pleno ordinario do mes de novembro, no que podería ser tratado sen necesidade dun gasto adicional de pago asistencias para o orzamento municipal.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que en relación coa intervención do PSOE, non sabe cal é o sentido do seu voto, se votarán a favor ou optan pola abstención. Todas as cuestións que trasladou a xente que estaban no PSOE están recollidas, o heliporto, zonas verdes, equipamentos, cuestións que foron condicións para o seu voto favorable. Xa estaban recollidas no documento aprobado provisionalmente o 23 de febreiro, o 10 de agosto, e segue a estar recollido no documento que se somete a nova aprobación provisional hoxe. Hoxe son as que integran o grupo político do PSOE, as que teñen a decisión de votar ou non a favor deste documento. Novas aportacións non é posible, xa se resolveron todas e cada unha das



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

alegacións e solventáronse todos os informes sectoriais. A ver se somos capaces de sacar adiante a posibilidade do núcleo rural no Cano, a Orde é rotunda en canto á delimitación deste solo como núcleo rural. O BNG parece que é o único aquí o defensor das delimitacións dos núcleos rurais. Resulta curioso que despois de facer un montón de críticas nos plenos, nos medios de comunicación contra o PXOM a única pretensión agora para dar un si sexa o que sucede cun núcleo rural en relación co conxunto de toda a ordenación de todo o territorio do noso concello, toda a normativa e todo o traballo que conlevou o desenvolvemento deste documento para unha terceira aprobación provisional. Son vostedes os que lle terán que explicar aos veciños por que hoxe votan que si, cando moitas das cousas que cuestionaron e polas que nunca darían un si, agora parece que si lles serve. Están no seu dereito de facer a política como queiran, na maneira que queiran. Despois venden fume de moitas reunións cando somos conscientes de que a asistencia foi practicamente nula. Atendeuse a todos os veciños en todas e cada unha destas cuestións. O equipo redactor como a arquitecta técnica municipal, así como o grupo de goberno informaron aos veciños en múltiples casos. Agora veñen aquí a dicir que seguen a estar en contra da tramitación. A tramitación foi exactamente idéntica a que fixo o BNG en Carballo no 2015. É evidente que non vamos a ser os primeiros en Galicia que teñamos un PXOM adaptado á Lei 2/2016, ese foi o concello de Abegondo, pero si seremos os primeiros de Galicia que teremos unha aprobación definitiva logo de ter conseguido a aprobación inicial antes da entrada en vigor da Lei 2/2016. Se son preto de cen os PXOMs que están en tramitación, o de Ordes vai a ser o primeiro que consiga ese fito, algo fixo ven o equipo redactor e este grupo de goberno para estar neste momento. Non lle valen as comparativas dos anos 2004 ou 2010 ou o que vostedes queiran. Haberá que cinguirse á comparativa do que estamos a falar. Se considera adecuado ou inadecuado a convocatoria deste pleno extraordinario está no seu dereito. Queren polo ben dos veciños que este PXOM entre en vigor canto antes por que esta é a palabra que lle teñan dado aos veciños. É de agradecer a súa proposta condicionada, pero non son os que van a defender o si ou o non para esa clasificación do solo do núcleo do Cano. Esa defensa xa a fixo o goberno municipal o 11 de agosto de 2023 manténdoo e xustificándoo en base á normativa. Na Orde do mes de xuño este solo xa estaba condicionado igual que o está agora. Nas reunións previas a esa segunda Orde fíxose a mesma defensa. Se despois da Orde vemos que hai algún grupo que está disposto a sumarse ao plantexamento do grupo de goberno, non hai ningún problema, o intentamos. O que non podemos e vir nos aquí cunha proposta porque nunca sabemos cales van a ser as súas divagacións para que despois nos digan que estamos a incumprir a orde. Non é algo do que vaian vostedes a ser salvadores de nada. Si alguén ten os votos suficientes para que isto saia adiante é este grupo de goberno. Se hoxe hai a posibilidade de que este acordo sexa unánime somos os primeiros que o aplaudiremos. Pero ao final isto vai dunha cuestión numérica. Que ten o número suficiente para que isto se poida aprobar é o grupo político do PP. Vostedes teñan a potestade de votar si ou non, como fixeron nas anteriores sesións. A defensa que fixemos sempre foi moito máis alá da que vostedes propoñen, a ampliamos sempre ata onde o equipo redactor pensou que podíamos chegar, veremos que é o que di a Orde de aprobación definitiva da Xunta de Galicia. Pode ser un non, isto é algo que hai que contar hoxe aquí a todos os veciños, o deixamos claro na Comisión Informativa. Pide e solicita que este acordo poida ser unánime. Entende que o BNG xa manifestou o seu si por un único condicionante, agradecería por parte do PSOE dado que se cumpriron todos os compromisos coas persoas que no seu momento eran os representantes da súa formación política no seu momento, que valoren tamén que o seu voto sexa un si no día de hoxe.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que como vostede recalca está a facer un balance a priori, está a vender a pel do oso antes de cazala, aínda non sabemos se vai a ser si ou non. Antes de dicir se vamos a ser os primeiros haberá que esperar á Orde de aprobación definitiva da Xunta de Galicia. Citou varias veces a Comisión informativa do martes pasado, en dita sesión saíron todos convencidos de que se ían



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

a prexudicar a algúns dos veciños do Cano, e non vender que foi o que mellor se fixo cando temos unha Orde da Xunta de Galicia dicindo que non podemos manter o núcleo do Cano. Tamén nos pediron que votásemos por que hai certas familias que si se aproba o PXOM van a poder legalizar cousas que non son legais. Se eu cos meus impostos pago unha licenza para a realización dunha construción entende que esas familias van a beneficiarse non haberá que prexudicar aos outros. Menos tantos de que ven o facemos, que somos nos os nove. Se xa lle chegan os seus votos hai que ter un pouquiño de humildade e se se lle pide axuda aos demais para que sexa un acordo unánime tratar un pouco con respecto aos demais e tratar de non faltarlle a ninguén. Se lle van a dar o voto a favor sexamos un pouco cabaleiros e veñamos aquí sen machadas e espadas. Se por parte do goberno do PP non se agachan as espadas tamén temos que dicir que non se van a opoñer ao PXOM, non venda despois que se a abstención non vale, non é un no. A abstención o que lle di é que o fagan se llo deixa facer a Xunta de Galicia, é o seu PXOM, vostedes moi ben o din, e o seu. Convenzan vostedes aos veciños.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que son un grupo político e como tal veñen a facer política. Hai que dignificar a política. Non se avergoñan de facer política. Se algunha persoa se avergoña de facer política o que debe facer é dimitir. Entenden facer unha política seria, construtiva, coa representación que a veciñanza lles outorgou nas eleccións municipais e é o que veñen a facer aquí no día de hoxe. Claro que emitiron un voto de abstención en febreiro, en agosto, en base a unha serie de observacións que fixeron entón, hoxe volven a facer novamente política, unha nova aportación a este documento. E hai que recoñecer que si non é por esa aportación o documento que trouxeron á Comisión informativa todo o solo do núcleo do Cano estaba clasificado como rústico. Esa aportación conseguiu que a corporación chegase a un acordo e que nesa Comisión informativa se ditaminase unha mínima delimitación do núcleo do Cano para intentar salvalo, que pode saír adiante ou non. Esta é unha nova contribución do BNG ao PXOM, como contribución se fixo no ano 2016 antes da aprobación inicial, como tamén se fixo nas distintas comisións informativas ás que tiveron acceso e nas que puideron participar, como nas reunións informativas coa veciñanza e aínda que non lle guste si que houbo xente que asistiu, que preguntou, á que se lle puido informar en dúas ocasións no ano 2016, no período de alegacións para que puidese dispor da máxima información posible para poder exercer o seu dereito de alegación da mellor maneira posible e agora novamente despois da segunda aprobación provisional para que puidesen ollar como quedaban delimitados os núcleos rurais. Vimos a facer política e a política consegue cousas. Nesta ocasión o único que ofertamos que é o único que podemos facer neste momento é ofrecer os votos favorables do grupo político do BNG, e guste máis ou menos conseguiron modificar ese documento, haberá que agardar se a Conselleira o permite ou non. Fala dun PXOM adaptado á Lei do solo, que en solo rústico xa é aplicable a todo canto planamente hai, incluso ás normas subsidiarias de planeamento municipal vixentes dende o ano 1986, o único que varían son as delimitacións de solo de núcleo rural, solo urbanizable e as zonas que se poidan ampliar a efectos da Lei do solo. Fala de que seremos o segundo concello, o primeiro foi o de Abegondo, pero este tramitouse en cinco anos e nos levamos moitos máis. Vamos a votar favorablemente por que puxemos unha condición e esta cumpriuse, a pesar de que sigamos opinando que o proceso non foi todo o transparente do que debería ser, que chega tarde e que a veciñanza cales son os criterios que se aplican neste documento por parte do goberno municipal.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que segue coa mesma cantinela de sempre. Non se enfade, ninguén lle faltou ao respecto. Quen ten que convencer aos veciños é vostede. Quédanlle moitos por convencer, ten moito traballo. Ninguén lle pediu o voto na comisión simplemente lle dixeron que estaban no seu dereito de votar o que quixeran. Non lles piden nada. O mesmo lle di ao BNG. Poden poñer as condicións que queiran nos seus documentos, pero aquí se non hai nove votos favorables e vostedes non os teñen todo o que vostedes propoñan é papel mollado. Si alguén tomou a decisión de seguir para adiante foi unha vez que viron que aquí non se ía cuestionar por segunda vez unha Orde da Xunta de Galicia. O decidiron facer como máximos e non como vostedes viñan plantexando, nada ten que ver o



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

que vostedes plantexaban na súa condición co que na realidade defende o equipo redactor e vai a aprobar hoxe o pleno en relación ao que acaba de dicir fai un momentíño. Non queira poñerse medaias que non lle corresponden. Voten o que queiran, segan votando o que consideren, sigan a facer reunións que consideran que desinforman, por que é preocupante que despois veñan por escritos feitos por vostedes que non proceden. Veñen a pedir transparencia cando as alegacións se lle notificaron a todos os veciños, algo que non se fixo no concello de Carballo. Ven a por exemplo cando onde goberna e teñen a potestade de facelo fan todo o contrario, aos feitos se remite. Deuse toda a información do mundo, se resolveron todas e cada unha das alegacións, ás que estiveron convidados toda a corporación, que é onde ten que participar, e foi un acordo unánime. Todas esas delimitacións se acordaron unanimemente. Se chegaron os recortes foi ás decisións que tomaron todos, unanimidade, non única e exclusivamente este grupo de goberno. Vostede estivo presente, elas non estaban. Todos tomamos as decisións en base aos criterios que indicaba o equipo redactor, que foi o que as informou favorables ou desfavorables. Sempre con voto unánime. Todas as delimitacións foron unánimes. Non é o noso PXOM nese sentido. A partir de aí viñeron as sucesivas modificacións nunha primeira Orde e agora nunha segunda Orde, con cousa puntuais mínimas, nas cales houbo un punto que é o criterio de delimitación da zona verde que obriga a que sexa o pleno o que se pronuncie de novo, senón a día de hoxe estaríamos a falar dunha aprobación definitiva sen o núcleo do Cano, por que as Ordes da Xunta de Galicia do mes de xuño e do mes de outubro dicía non ao núcleo do Cano. O van a intentar por que nos temos os votos para que se intente, non pola súa proposta, por que voten o que voten o día de hoxe os seus votos non serven nese sentido, so serve cando hai nove. Aí a importancia de que a abstención é igual a un non, por que so vale chegar a nove. Estamos ante un expediente urbanístico e so vale a maioría absoluta. Non vale ese voto relativo que é posible noutras cuestións. O PXOM é beneficioso para os veciños, ten que chegar á súa finalización, vai a ser un motor económico para Ordes nos vindeiros anos. Niso ten que estar implicada a corporación, o goberno municipal o vixente e o que veña nos vindeiros mandatos. Agradece que vostedes vaian a votar que si. Veremos que decide facer o PSOE. Unha vez aprobado provisionalmente que se mande á Xunta de Galicia para unha decisión definitiva, que sexa permisible con este núcleo 05.06 nas partes que se propoñen como núcleo. Eles teñen o criterio e decisión última. Toca esperar. A iniciativa require nove votos favorables que eles teñen, a partir de aí que sume quen teña a ben.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría absoluta de catorce votos a favor (9 grupo político PP, 5 grupo político BNG), coas abstencións (2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Aprobar provisionalmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Ordes, sometendo este, co expediente completo debidamente dilixenciado, ao órgano autonómico competente que haxa de outorgar a aprobación definitiva (art. 61.1 LSG).

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás catorce horas e corenta e oito minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias